

OFICINA TÉCNICA

## Avanzan as propostas de resolución de concesión do programa TerÉManter

A oficina técnica do Consorcio avanzou na convocatoria 2023 do programa TerÉManter, destinada ao mantemento das carpinterías de madeira así como da envolvente exterior dos edificios do ámbito da cidade histórica. Nas últimas semanas, os técnicos elaboraron as documentacións técnicas solicitadas e analizaron os proxectos presentados polos solicitantes.

Nos vindeiros días poderanse enviar as propostas de resolución de concesión relacionadas cos 79 solicitantes do programa. Ademais, continúan a bo ritmo as obras de rehabilitación da convocatoria de 2022 deste programa.



## Comezau a quinta edición do Curso Superior de Especialización en Xestión de Obras de Rehabilitación organizado pola Fundación Laboral en colaboración co Consorcio de Santiago

A quinta edición do Curso Superior de Especialización en Xestión de Obras de Rehabilitación (CEGOR), organizado pola Fundación Laboral da Construción de Galicia en colaboración e cofinanciación co Consorcio de Santiago, comezou o pasado 12 de maio. Nel, trinta profesionais, técnicos/as e xefes/as de obras de rehabilitación participaron nesta acción formativa na que xa se formaron 90 persoas desde 2019.

O curso, que se imparte os venres e sábados no Centro de Formación de Santiago da entidade paritaria, representa unha especialización única en Galicia nun dos campos máis en auge hoxe en día en construción: a rehabilitación.

**Máis información:**

<http://www.consorciodesantiago.org/gal/novas/comeza-quinta-edicion-do-curso-superior-de-especializacion-en-xestion-de-obras-de-rehabilitacion>



EXPOSICIÓNS

## Aberta na Casa do Cabido a exposición 'Mirar a cidade. Unha visión poliédrica', do fotógrafo Fuco Reyes

A Casa do Cabido de Santiago acolle, desde mediados deste mes, a exposición 'Mirar a cidade. Unha visión poliédrica' que recolle instantáneas tomadas polo fotógrafo santiagués Fuco Reyes.

A mostra, que inclúe 50 fotografías de diversos recunchos da cidade, é unha visión persoal de Santiago desde a mirada do autor. "Construímos unha cidade invisible, un imaxinario persoal e singular de Compostela. Unha visión poliédrica e atemporal de espazos urbanos que xeran procesos de pensamento que nos converten en espectadores e actores únicos", indica Fuco Reyes.



PUBLICACIÓNS



## O Consorcio celebrou o Día das Letras Galegas coa entrega de publicacións en galego a todas as persoas que visitaron a Casa do Cabido

O Consorcio de Santiago conmemorou o Día das Letras Galegas, que este ano homenaxea a Francisco Fernández del Riego, coa entrega de balde de publicacións coeditadas polo Consorcio a todas as persoas que visitaron a Casa do Cabido o mércores 17 de maio.

Os exemplares que se puxeron a disposición dos visitantes están relacionados coa Literatura, a Arte e a Historia en Santiago, pertencentes ás diferentes bibliotecas do Consorcio, e escritos en lingua galega.

MÚSICA



## Baldur Brönnimann ofrecerá o seu primeiro concerto como director titular e artístico da Real Filharmonía de Galicia o vindeiro 15 de xuño

A Real Filharmonía pechou a súa tempada 2022-23 con tres concertos durante o mes de maio e agora xa mira ao futuro da man do seu novo director titular e artístico, Baldur Brönnimann.

Brönnimann ofrecerá un concerto extraordinario, o que será o primeiro no seu novo cargo, o vindeiro día 15 de xuño, e nel explicará as claves da nova temporada da orquestra.

**Máis información:**

<http://www.rfgalicia.org/gal/concerto-extraordinario/>



## A Escola de Altos Estudos Musicais abre o prazo de inscrición para o Curso Avanzado de Especialización Orquestral 2023-24

A Escola de Altos Estudos Musicais (EAEM) convocou a decimosegunda edición do Curso Avanzado de Especialización Orquestral, recoñecido como Título Propio de Posgrao pola Universidade de Santiago.

Este curso dirixese ao estudantado que rematou a súa formación musical e quere formar parte dunha orquestra profesional. A través del, os participantes recibirán clases individualizadas da man dos seus profesores, todos músicos da Real Filharmonía, e doutros solistas de relevancia internacional. O prazo de inscrición está aberto ata o 9 de xuño.

**Máis información:**

<https://eaem.es/gal/noticias/a-escola-de-altos-estudios-musicais-abre-o-prazo-para-o-curso-avanzado-de-especializacion-orquestral-2023-24/>